



## 2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.  
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

CONFIDENTIAL REPORT

SECRET

CONFIDENTIAL REPORT

The following information was obtained from a confidential source who has provided reliable information in the past.

It is noted that the above information was obtained from a confidential source who has provided reliable information in the past.

The following information was obtained from a confidential source who has provided reliable information in the past.

It is noted that the above information was obtained from a confidential source who has provided reliable information in the past.

The following information was obtained from a confidential source who has provided reliable information in the past.

It is noted that the above information was obtained from a confidential source who has provided reliable information in the past.

The following information was obtained from a confidential source who has provided reliable information in the past.

It is noted that the above information was obtained from a confidential source who has provided reliable information in the past.

CONFIDENTIAL REPORT

**1. Cal é a diferenza principal entre a xeometría dun perfil IPN e a dun perfil IPE?**

- A) Un IPN ten forma de I e un IPE ten forma de U.
- B) Nun IPN o espesor das ás decrece cara aos bordos e nun IPE o espesor das ás é constante.
- C) Nun IPN o espesor das ás é constante e nun IPE o espesor das ás decrece cara aos bordos.
- D) Non hai diferenzas xeométricas, só as hai de resistencia.

**2. De que material están fabricadas as tubaxes dunha instalación de transporte pneumático dun hospital?**

- A) PVC.
- B) Aceiro inoxidable AISI 316.
- C) Cobre.
- D) Aceiro galvanizado.

**3. O ondulado ou triscado nas serras realízase para:**

- A) Evitar o rozamento excesivo da folla.
- B) Para unha perfecta evacuación da labra.
- C) Para facilitar o arranque da labra.
- D) Por cuestión de marca.

**4. O argon é un gas:**

- A) Tóxico.
- B) Inerte.
- C) Inflamable.
- D) Corrosivo.

**5. Que mecanismo realiza a transformación da presión da botella á presión de traballo da soldadura?**

- A) Motorreductor.
- B) Redutor.
- C) Sincrorreductor.
- D) Manorreductor.

**6. As revolucións por minuto (r.p.m.) ou velocidade de xiro para tradear, vai en función de:**

- A) Do diámetro da broca.
- B) Do número de trades.
- C) De se o trade efectúase vertical ou horizontalmente.
- D) Do paso do husillo.

**7. O acetileno é un gas:**

- A) Inerte.
- B) Comburente.
- C) Altamente inflamable.
- D) Cunha característica cor azul.

8. As cores das mangueras do soprete de soldadura oxiacetilénica son:

- A) Acetileno vermello, osíxeno azul.
- B) Acetileno azul, osíxeno vermello.
- C) Acetileno verde, osíxeno azul.
- D) Acetileno azul, osíxeno verde.

9. Se dicimos que un parafuso é hexagonal, a que nos referimos?

- A) Ao vástago.
- B) Á rosca.
- C) Á cabeza do parafuso.
- D) Á punta do parafuso.

10. Nun aceite 10 W/40, o número 10 que significa?

- A) Litros do recipiente.
- B) Grao de viscosidade en frío.
- C) Grao de viscosidade a temperatura de traballo.
- D) Ningunha é correcta.

11. Se o corpo dunha botella é de cor negra e a oxiva é gris, que gas contén?

- A) Nitróxeno.
- B) Aire medicinal.
- C) Protóxido de nitróxeno.
- D) Dióxido de carbono.

12. A equivalencia en milímetros de 1 polgada é:

- A) 25,4 mm.
- B) 15,4 mm.
- C) 45,4 mm.
- D) 35,5 mm.

13. Se se pretende manter un nivel de servizo determinado nos equipos e instalacións, programando as correccións dos seus puntos vulnerables no momento máis oportuno e antes de que se produza a avaría, de que tipo de mantemento estamos a falar?

- A) Mantemento preventivo.
- B) Mantemento correctivo.
- C) Mantemento meiorativo.
- D) Mantemento recuperativo.

14. De acordo á Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, cal das seguintes medidas de acción preventiva deberá aplicar o empresario?

- A) Favorecer os riscos.
- B) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.
- C) Combater os riscos na súa orixe.
- D) Evitar na medida do posible a adaptación do traballo á persoa.

15. Cal é a unidade de medida relativa a traballo e enerxía?

- A) Pascal.
- B) Newton.
- C) Julio.
- D) Watio.

16. Como se chama o elemento que recibe a enerxía mecánica dunha fonte externa e transfórmaa en presión sobre un líquido, provocando a súa circulación por un circuíto?

- A) Válvula hidráulica.
- B) Compresor pneumático.
- C) Bomba hidráulica.
- D) Actuador hidráulico.

17. As botellas de gases deberán levar, en caracteres visibles e duradeiros, unha serie de marcas situadas na oxiva do recipiente, nunha parte reforzada do mesmo ou no colar. Segundo a NTP 198, cal das seguintes inscricións NON será necesario incluír no mercado da botella?

- A) Nome do gas.
- B) Marca do fabricante.
- C) Número de fabricación.
- D) Fórmula química do gas contido.

18. O elemento acondicionador de aire que impide que circule po e partículas máis pesadas por un circuíto chámase:

- A) Lubricante.
- B) Regulador de presión.
- C) Filtro.
- D) Tubaxe.

19. De acordo á NTP 198, a presión de proba dunha botella de gas defínese da seguinte maneira:

- A) É aquela presión á que se somete o recipiente para comprobar a súa resistencia nas condicións estáticas para as que foi deseñado.
- B) É o valor da presión que se toma para o cálculo do espesor do recipiente, á temperatura de deseño e considerando a marxe de seguridade adoptado polo deseñador.
- C) É a presión máis alta que se pode dar no recipiente, en condicións normais de funcionamento.
- D) É a presión mínima á que pode traballar o recipiente, en condicións normais de funcionamento.

20. Cal dos seguintes tipos de soldadura non é por resistencia?

- A) Por puntos.
- B) A tope.
- C) Arco somerxido.
- D) Por protuberancia.

**21. Que tipo de gases refrixerantes non están permitidos na actualidade?**

- A) HFO (hidrofluoroolefinas).
- B) NH<sub>3</sub>.
- C) CO<sub>2</sub>.
- D) CFC (clorofluorocarbonos).

**22. Como se denominan os soportes intermedios que se utilizan no torno cando a peza é moi longa?**

- A) Lunetas.
- B) Contrapuntos de transmisión.
- C) Mandrís distais.
- D) Pratos.

**23. Cal dos seguintes tipos de mantemento NON existe?**

- A) Meiorativo.
- B) Aplicativo.
- C) Preditivo.
- D) Preventivo.

**24. Nunha soldadura oxiacetilénica, o apagado do soprete débese realizar da seguinte forma:**

- A) Pechando primeiro o osíxeno.
- B) Pechando primeiro o acetileno.
- C) Pechando os dous gases á vez.
- D) É indiferente.

**25. Cal das seguintes afirmacións é correcta, relativa á prevención de riscos no lugar de traballo?**

- A) Non existe normativa específica en canto á exposición aos axentes físicos, químicos e biolóxicos do ambiente de traballo.
- B) Os chans dos locais de traballo deberán ser fixos, estables e non esvaradíos, sen irregularidades nin pendentos perigosas.
- C) A anchura mínima das portas exteriores e dos corredores será de 70 e 80 centímetros, respectivamente.
- D) As plataformas de carga non é necesario que dispoñan de polo menos unha saída, se non é tecnicamente posible.

**26. Que significado teñen as letras ZZ nun rodamento?**


- A) Que teñen escudos metálicos de protección a ambos os dous lados.
- B) Que se pode mergullar.
- C) Que soporta ata 1000 kg.
- D) Ningunha é correcta.

**27. En parafusaría, se dicimos que un parafuso é de paso fino, a que parte do parafuso nos referimos?**

- A) Lonxitude.
- B) Diámetro.
- C) Rosca.
- D) Ningunha é correcta.

28. Cando nun traballo de revolución a peza xira e a ferramenta provenos do avance lonxitudinal e transversal, estamos a utilizar:

- A) Unha fresadora.
- B) Un sinfín.
- C) Unha alisadora.
- D) Un torno.



29. Que lei ou principio afirma que en dous puntos distintos dun circuíto hidráulico débese cumprir  $F1/S1 = F2/S2$ ?

- A) Principio de Pascal.
- B) Lei de Boyle–Mariott.
- C) Lei de Gay–Lussac.
- D) Lei de Charles.

30. Que é o sistema de columna seca segundo o Regulamento de Instalacións de Protección Contra Incendios?

- A) Unha toma de auga para encher os camións dos bombeiros.
- B) Unha toma de auga en fachada ou zona facilmente accesible para uso exclusivo de bombeiros.
- C) Chámaselle así á tubaxe que une os hidrantes cando se atopa baleira.
- D) Unha toma de auga en fachada para apagar un incendio no exterior do edificio.

31. Que axente extintor é o máis adecuado para sufocar un incendio nun cadro eléctrico?

- A) CO.
- B) CO<sub>2</sub>.
- C) SF<sub>6</sub>.
- D) Auga pulverizada.

32. Se se representa un obxecto á escala 1:10, amplíase, redúcese ou queda a tamaño real?

- A) Amplíase 10 veces.
- B) Quédase a tamaño real.
- C) Redúcese 10 veces.
- D) Redúcese 110 veces.

33. Que gas medicinal é anestésico?

- A) Osixeno.
- B) Dióxido de carbono.
- C) Oxido nitroso.
- D) Todas son correctas.

**34. Que esterilizador utiliza para realizar o proceso de esterilización a aplicación de enerxía de radiofrecuencia (RF)?**

- A) Esterilizador de vapor.
- B) Esterilizador de óxido de etileno.
- C) Esterilizador de plasma.
- D) Ningún esterilizador emprega este tipo de enerxía.

**35. O punto de fusión do osíxeno a presión atmosférica é de:**

- A)  $-138^{\circ}$  C.
- B)  $-218,8^{\circ}$  C.
- C)  $-21,8^{\circ}$  C.
- D)  $0^{\circ}$  C.

**36. Os eléctrodos revestidos clasifícanse principalmente en:**

- A) Dous grupos.
- B) Tres grupos.
- C) Catro grupos.
- D) Oito grupos.

**37. Para obter un corte limpo de chapas, débese utilizar unha:**

- A) Serra de man.
- B) Tesoira de chapa.
- C) Tesoira de aceiro.
- D) Cizalla.

**38. Unha rampla de subministración de reserva presenta seis botellas co corpo pintado de negro e a oxiva de branco, a que gas corresponde esta subministración?**

- A) Osíxeno.
- B) Nitróxeno.
- C) Protóxido de nitróxeno.
- D) Aire medicinal.

**39. O milímetro é unha unidade de medida relativa a:**

- A) Masa.
- B) Tempo.
- C) Lonxitude.
- D) Temperatura.

**40. Como se mide o diámetro dun parafuso?**

- A) Diámetro exterior da rosca.
- B) Diámetro interior da rosca.
- C) Diámetro da cabeza do parafuso.
- D) Ningunha é correcta.

41. Con que cor se identifica unha tubaxe de óxido nítrico nunha instalación?
- A) Verde.
  - B) Azul.
  - C) Negro.
  - D) Branco.
42. Que grupo de gases contén unha botella co corpo pintado de gris prateado?
- A) Oxidantes e inertes.
  - B) Tóxicos e velenosos.
  - C) Corrosivos.
  - D) Mesturas de calibración.
43. Que función teñen as resistencias de caldeo dos grupos electrógenos?
- A) Quentar as baterías.
  - B) Manter o local onde se sitúa o grupo electrógeno con temperatura.
  - C) Manter unha temperatura constante e equilibrada en todo o bloque do motor.
  - D) Quentar o gasóleo e mellorar o arranque.
44. Cal é a fórmula química do osíxeno medicinal?
- A) N<sub>2</sub>.
  - B) O<sub>2</sub>.
  - C) CO<sub>2</sub>.
  - D) Ningunha é correcta.
45. Cal das seguintes operacións non se pode realizar con torno?
- A) Moleteado.
  - B) Pregado.
  - C) Roscado.
  - D) Tradeado.
46. A soldadura MIG pertence ao grupo de soldaduras:
- A) Por chama.
  - B) Por puntos.
  - C) Eléctrica.
  - D) Ningunha é correcta.
47. Nunha cizalla, a peza de fundición que presiona e suxeita o material sobre a mesa de traballo antes de efectuarse o corte, denomínase:
- A) Pisón.
  - B) Bancada.
  - C) Pío.
  - D) Bastidor.

**48. Un rociador automático dunha instalación considérase un elemento de:**

- A) Detección de incendio.
- B) Aviso e alarma de incendio.
- C) Información.
- D) Extinción de incendio.

**49. O osíxeno é un gas:**

- A) Comburente.
- B) Combustible.
- C) Que pertence ao grupo dos denominados gases nobres.
- D) Inerte.

**50. A temperatura de ebulición do nitróxeno líquido a presión atmosférica é de:**

- A)  $-195,8^{\circ}$  C.
- B)  $-218,8^{\circ}$  C.
- C)  $-59^{\circ}$  C.
- D)  $15^{\circ}$  C.

**51. Para que se utiliza o gramil?**

- A) Para medir os grans de esmeril.
- B) Para o trazado.
- C) Para o control de aspiración do aire.
- D) Para pulir.

**52. Cal das seguintes afirmacións é correcta:**

- A) O argon é un gas asfixiante a altas concentracións.
- B) O osíxeno é un gas inflamable.
- C) O nitróxeno é un gas corrosivo.
- D) O acetileno é un gas inerte.

**53. En canto ao transporte de botellas de gases, no momento de carga ou descarga en vehículos de transporte, cal das seguintes afirmacións é correcta?**

- A) Non requiren de ningún coidado especial.
- B) Colocaranse preferiblemente deitadas.
- C) Deberán transportarse en vehículos pechados sen ningún tipo de ventilación.
- D) Cargaranse e descargaranse dos vehículos de transporte manexándoas con coidado, sen sometelas a golpes e asegurándose de que a válvula estea ben pechada e non fuga.

**54. A taladrina utilízase para:**

- A) Realizar trades moi pequenos.
- B) Refrixerar e lubricar.
- C) Facer avellanado.
- D) Cantear en frío.

**55. Chamamos "lima de media cana" a:**

- A) A lima que se utiliza para a madeira.
- B) A lima plana que só ten un costado con dentes de corte.
- C) A lima redonda con punta redondeada.
- D) A lima que ten forma curva nun dos seus lados e plana polo outro lado.

**56. Se teño que realizar unha soldadura cara arriba, elixiría un eléctrodo cuxo revestimento sexa:**

- A) Ácido.
- B) Básico.
- C) Rutilíco.
- D) De ferro.

**57. Para que utilizaremos unha toma Peterson nunha instalación de gas natural?**

- A) Para conectar un accesorio provisto dunha agulla perforada que nos permite ler a presión do gas.
- B) Para medir o CO<sub>2</sub> da instalación.
- C) Para obter a temperatura do compresor.
- D) Para axustar os latiguillos dos presóstatos de alta e baixa presión.

**58. Despois de fabricar unha peza no torno realízaselle un proceso de brunido. En que consiste o devandito proceso?**

- A) En realizar un rebaxe na peza despois do proceso de torneado.
- B) En aplicar calor e frío á peza para modificar a súa composición química.
- C) É un proceso que consiste en engadir a un metal diferentes capas, doutro metal ou do mesmo.
- D) É un proceso de arranque de labra, para obter un acabado superficial perfecto.

**59. Se temos que tallar unha rosca exterior, que ferramenta teremos que utilizar?**

- A) Machos de roscar.
- B) Tarraxa.
- C) Peite de roscas.
- D) Gramil.

**60. Para medir presión de aire nun sistema ou circuíto pechado, que aparello de medida usarei?**

- A) Báscula.
- B) Manómetro.
- C) Termómetro
- D) Ningunha é correcta.

**61. É necesario realizar a substitución dunha correa rota nun climatizador de quirófanos. Que tipo de mantemento se consideraría esta intervención?**

- A) Preventivo.
- B) Correctivo.
- C) Preditivo.
- D) Meiorativo.

**62. Que material se utiliza en canalizacións de gases medicinais?**

- A) Cobre.
- B) Ferro.
- C) PVC.
- D) Ningunha é correcta.

**63. Indica que debemos axustar a un compresor de tipo aberto dunha instalación frigorífica para poñela en funcionamento.**

- A) Un SAI.
- B) Un motor eléctrico.
- C) Un convertidor de par.
- D) Unha batería de condensadores.

**64. Para comprobar que colocamos correctamente un piar metálico de perfil cadrado, será suficiente con realizar unha das seguintes comprobacións:**

- A) Que está a chumbo en dous lados contiguos.
- B) Que está a chumbo nun só dos seus lados.
- C) Que está a chumbo nos seus catro lados.
- D) Que está a chumbo en dous lados opostos.

**65. Necesítase realizar unha instalación de subministración de acetileno para un novo equipo do laboratorio central do hospital. Que material se debe evitar utilizar nesta instalación?**

- A) Cobre.
- B) Aceiro.
- C) Caucho sintético.
- D) O acetileno non presenta incompatibilidades con ningún material.

**66. Que medidas podo obter co calibre ou pé de rei?**

- A) Internas.
- B) Externas.
- C) Profundidade.
- D) Todas son correctas.

**67. Se teño que facer unha soldadura nun material con baixo contido de xofre, podo utilizar un eléctrodo revestido do tipo:**

- A) Ácido.
- B) Básico.
- C) Rutílico.
- D) Celulósico.

**68. A iluminación da zona de traballo dentro do taller mecánico, deberá de cumprir as seguintes condicións:**

- A) A distribución dos niveis de iluminación será o menos uniforme posible, permitindo variacións bruscas de luminancia dentro da zona de operación e entre esta e os seus arredores.
- B) Procurarase manter uns niveis e contrastes de luminancia adecuados ás esixencias visuais da tarefa.
- C) Favoreceranse os cegamentos indirectos producidos por superficies reflectoras situadas na zona de operación ou nas súas proximidades.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

69. Que aparello de medida usarei para medir verticalidade e horizontabilidade nun plano recto?

- A) Nivel de burbulla.
- B) Calibre.
- C) Escuadro.
- D) Flexómetro.

70. Nunha instalación de transporte pneumático de mostras obsérvase que o cartucho non se despraza correctamente:

- A) A instalación ten fugas de aire.
- B) O filtro intermedio da instalación está obstruído.
- C) A estación de envío é de escasa potencia.
- D) O compresor ten unha chave pechada.

71. Na soldadura con chama, cando traballamos con espesores do material menores de 3 mm, como calculamos o diámetro da vareta de achega (D)?


- A)  $D = 2 \text{ mm}$ .
- B)  $D = \text{espesor do material a soldar}$ .
- C)  $D = \text{espesor de material a soldar dividido por } 3$ .
- D)  $D = \text{espesor do material a soldar dividido por } 2$ .

72. Se construímos unha estrutura cun perfil metálico rectangular de 60x40mm de sección en posición horizontal entre dous apoios situados nos seus extremos, de que forma se combará ou flexionará menos?

- A) Apoiando sobre o seu lado de 40mm.
- B) Apoiando sobre o seu lado de 60mm.
- C) Flexionará igual polos dous lados, dá igual como o coloquemos.
- D) Flexionará menos con altas temperaturas, non importa a posición.

73. Indica cal é a afirmación verdadeira:

- A) Unha central de incendios emite alarmas de lume.
- B) Unha central de incendios emite alarma de lume e acciona os rociadores automáticos instalados.
- C) Unha central de incendios emite avarías do sistema e alarmas de lume.
- D) Unha central de incendios controla os dispositivos de detección e alarma, extinción e grupo de presión de auga.



74. Tomando como referencia a imaxe inmediatamente anterior a este enunciado. En que punto do diagrama presión – entalpía do circuíto frigorífico simple representado podemos ler a temperatura de descarga do compresor?

- A) 1.
- B) 2.
- C) 3.
- D) 4.

75. Para protexer os traballos de carpintería metálica en ferro contra a corrosión, e previo ao pintado, aplícase:

- A) Minio.
- B) Antimonio.
- C) Verniz.
- D) Carbono.

76. Se temos que colocar un pasador, que ferramenta empregariamos?

- A) Un desparafusador de percusión.
- B) Un alicate de punta bendix.
- C) Un escariador.
- D) Un botador.

77. Se se quere soldar con soldadura oxiacetilénica, a que presión débense regular os manómetros de osíxeno e acetileno, respectivamente?

- A) Osíxeno a 0.5 bar e acetileno a 5 bar.
- B) Osíxeno a 5 bar e acetileno a 0.5 bar.
- C) Osíxeno a 2 bar e acetileno a 2 bar.
- D) Osíxeno a 6 bar e acetileno a 0.3 bar.

78. Que utilizaremos para transportar nitróxeno líquido?

- A) Tanque crioxénico.
- B) Recipientes de cristal.
- C) Caixas de cartón.
- D) Todas son correctas.

**79. Que tipos de aceites aguantan períodos de tempo máis longos antes de ser substituídos?**

- A) Minerais.
- B) Sintéticos.
- C) Semisintéticos.
- D) Ningunha é correcta.

**80. A sonda dunha botella de dióxido de carbono (CO<sub>2</sub>) ten a función de:**

- A) Medir a presión do gas na botella.
- B) Medir o volume de gas na botella.
- C) Subministrar a través da sonda o CO<sub>2</sub> en estado gasoso.
- D) Subministrar directamente da botella o CO<sub>2</sub> en fase líquida.

**81. Cal das seguintes afirmacións é correcta, de acordo á utilización dos equipos de traballo?**

- A) Non é necesario informar o traballador acerca dos riscos das ferramentas manuais.
- B) As zonas e puntos de traballo ou de mantemento dun equipo de traballo deberán estar adecuadamente iluminadas en función das tarefas que deban realizarse.
- C) As partes dun equipo de traballo que alcancen temperaturas elevadas ou moi baixas non necesitarán unha protección específica contra os riscos de contacto ou a proximidade dos traballadores.
- D) As ferramentas manuais deberán estar construídas con materiais maleables e a unión entre os seus elementos non deberá ser firme.

**82. As tubaxes de gases non poderán ser instaladas nunca en lugares onde exista o risco de que entren en contacto con:**

- A) Auga.
- B) Graxas e aceites.
- C) Po.
- D) Luz solar.

**83. A través de que aparello faremos chegar ao paciente o osíxeno almacenado nunha botella?**

- A) Vacuómetro.
- B) Oxímetro ou caudalímetro.
- C) Distribuidor.
- D) Ningunha é correcta.

**84. Nun equipo de presión con bomba principal e jockey eléctricas para a subministración de auga a unha rede de BIE, compróbase que o contador de arranques da bomba jockey rexistra 8 arranques ao día para equilibrar a presión do sistema. Que nos indica esta situación?**

- A) Temos unha fuga de auga nalgún elemento da rede.
- B) O funcionamento é correcto, a bomba ten que arrincar periodicamente para lubricar o seu eixo.
- C) Non existe ningún problema, os arranques da bomba veñen programados de fábrica.
- D) O nivel de auga do alxibe de reserva está no seu límite inferior provocando acesos aleatorios da bomba.

**85. Na lavandería do hospital dispónse dunha calandra de vapor para o repasado. Se se depositaron sedimentos de cal ou restos de amidón na tella, a súa reparación consiste basicamente en:**

- A) Esperar a que a tella estea fría e utilizar un produto abrasivo para a eliminación dos residuos depositados.
- B) Esperar a que a tella estea fría e utilizar un produto que non sexa abrasivo para a eliminación dos residuos depositados.
- C) Esperar a que a tella estea fría e utilizar unha lima de gran groso para a eliminación dos residuos depositados.
- D) Non é necesario esperar ao arrefriado da tella xa que estes residuos elimínanse mellor en quente.

**86. Indica en que caso instalaremos un filtro coalescente nunha instalación pneumática.**

- A) Cando necesitamos separar partículas sólidas e dispersas, sobre todo humidade, no aire.
- B) Para evitar a contaminación do aceite do compresor.
- C) Para protexer o compresor.
- D) En ningunha instalación pneumática é necesario colocar un filtro coalescente.

**87. Como deben de seleccionarse adecuadamente unhas luvas de seguridade?**

- A) Baseándose na avaliación de riscos, que implica a identificación dos perigos e a determinación do risco por exposición a eses perigos.
- B) Seleccionando os máis versátiles para que protexan fronte a unha gran variedade de riscos.
- C) Pedindo consello ao fabricante.
- D) Elixindo a cor e o deseño dos mesmos.

**88. Se quero soldar dúas pezas de aceiro inoxidable, que eléctrodo debo usar?**

- A) Eléctrodo de rutilo.
- B) Eléctrodo básico.
- C) Eléctrodo de acero inoxidable.
- D) Ninguna é correcta.

**89. Dispoñémonos a realizar un trade de 14 milímetros de diámetro nunha platina de aceiro. Das seguintes opcións, cal é a máis adecuada para este traballo?**

- A) Ao iniciar o trade conectar o percusor.
- B) Facer un trade previo de 5 milímetros.
- C) Facer un trade previo de 13.25 milímetros.
- D) Avellanar a platina de aceiro.

**90. A perda de potencia e o aumento de consumo de combustible nun grupo electrógeno con demanda de enerxía estable, pode deberse a:**

- A) Unha perda de líquido refrixerante.
- B) O filtro de aire está sucio, non se substituíu no intervalo de tempo recomendado polo fabricante.
- C) Os motores dos grupos electrógenos non perden potencia, viran sempre á mesma velocidade.
- D) Non se realizou un mantemento adecuado dos antivibradores.

**91. Nunha instalación frigorífica con compresor hermético, que non dispón de válvulas de servizo, que operación debemos realizar antes de retirar o compresor?**

- A) Eliminar o refrixerante deixando que salga ao exterior.
- B) Soldar válvula obús para conectar manómetro.
- C) Transvasar o refrixerante conectando un equipo de recuperación de gases.
- D) Desconectar presóstatos de alta e baixa.

**92. A operación de purgado do compresor que subministra aire comprimido aos equipos da central de esterilización realízase con carácter semanal. Así mesmo, diariamente inspecciónase visualmente a zona e o correcto funcionamento deste equipo. Que tipo de mantemento está a realizarse?**

- A) Legal.
- B) Meiorativo.
- C) Preventivo.
- D) Correctivo.

**93. Que ferramentas utilizaremos para practicar unha rosca nun buraco ou trade?**

- A) Tarraxa e portatarraxa.
- B) Broca e tarraxa.
- C) Broca e escariador.
- D) Machos e xiramachos.

**94. A central de control dun grupo electrógeno realizará a parada inmediata do motor se detecta:**

- A) O motor nunca para mentres se mantén a demanda de enerxía.
- B) Falta de combustible no depósito auxiliar de reserva.
- C) Presión do aceite do motor moi baixa.
- D) Cando a temperatura da sala onde se sitúa o grupo electrógeno supera os 30°C.

**95. Indica que elemento de seguridade debemos instalar a un compresor con bomba de aceite.**

- A) Presóstato de baixa presión.
- B) Manómetro.
- C) Filtro deshidratador.
- D) Presóstato diferencial de aceite.

**96. Como se chama a chave de corte xeral que debemos manipular para cortar a subministración de gas natural dun centro hospitalario?**

- A) Chave de acometida.
- B) Chave de aparato.
- C) Chave de abonado.
- D) Chave de paso.

**97. Nunha instalación pneumática infórmannos de fallo nunha válvula tipo O (OR), a que tipo de válvula se refiren?**

- A) Trátase dunha válvula de escape libre con posición neutra.
- B) A unha válvula selectora ou antirretorno dobre.
- C) Este tipo de válvulas corresponde ao tipo de válvulas de agulla.
- D) É unha válvula con retorno por medio de resorte.

**98. Nunha unión aparafusada, para que se coloca unha arandela "Grower"?**

- A) Para evitar que se deforme a cabeza do parafuso.
- B) Para evitar o desgaste cando se unen dous materiais de dureza moi diferente.
- C) Para dar seguridade á unión.
- D) Para mellorar a estanqueidade da unión.

**99. Desexamos realizar un corte nunha placa de aceiro ao carbono mediante oxicorte. Unha vez que temos o metal incandescente, aproximadamente a 900°, cal sería o seguinte paso a realizar?**

- A) Abrir a chave de acetileno adicional.
- B) Abrir a chave de osíxeno adicional.
- C) Pechar a chave de osíxeno.
- D) Pechar a chave de acetileno.

**100. As vías e as saídas de evacuación nun recinto hospitalario, que condicións deberán de satisfacer?**

- A) As portas de emerxencia deberán ser preferentemente corredías ou xiratorias.
- B) O número e a distribución das vías e saídas de evacuación decidírase aleatoriamente por parte do empresario, independentemente do uso, dos equipos e das dimensións dos lugares de traballo.
- C) As vías e saídas específicas de evacuación non é necesario que estean sinalizadas, xa que o traballador coñece perfectamente as instalacións.
- D) En caso de avaría da iluminación, as vías e saídas de evacuación que requiran iluminación deberán estar equipadas con iluminación de seguridade de suficiente intensidade.

**101. Obsérvase auga no depósito dunha instalación pneumática. Que debemos facer?**

- A) Eliminala, xa que é prexudicial para a instalación
- B) Sempre debe manterse unha pequena cantidade de auga para a lubricación dos compoñentes.
- C) Debe manterse para a refrixeración do compresor.
- D) É necesario mantela para reter as impurezas.

**102. Que debemos facer antes de realizar a carga de gas refrixerante nun circuío frigorífico tras levar a cabo unha reparación?**

- A) Comprobar as presións do circuío.
- B) Cambiar o filtro de aceite.
- C) Revisar o visor de líquido.
- D) Facer o baleiro.

**103. Os rociadores de extinción de incendios:**

- A) Actívanse manualmente para realizar a extinción.
- B) Actívanse automaticamente a partir dunha determinada temperatura.
- C) Actívanse automaticamente ao ter presión de auga a tubaxe.
- D) Son activados pola central de incendios.

**104. Se necesitamos apertar unha porca a 20 Nm, que ferramenta deberemos utilizar?**

- A) Unha chave dinamométrica.
- B) Un xogo de galgas para parafusos.
- C) Unha chave de presión.
- D) Un xogo de toclé métrico.

**105. Para mecanizar un cono de 90° no torno:**

- A) Fixaremos o carro orientable a 45°.
- B) Orientaremos o carro transversal a 90°.
- C) Xiraremos a torreta 90°.
- D) Orientaremos o carro transversal a 45°.

**106. Que utilizaremos para contralar o fluxo e manter unha presión constante nunha instalación de gas medicinal?**

- A) Reguladores de presión.
- B) Válvulas antirretorno.
- C) Vacuómetros.
- D) Ningunha é correcta.

**107. Durante un mantemento preventivo no almacén de botellas de gases, localízase unha botella cuxo contido non está identificado. Como se debe de proceder?**

- A) Devolverase ao seu proveedor sen utilizala.
- B) Revisarase en que pedido se subministrou esa botella, para identificar o gas almacenado na mesma.
- C) Pódese utilizar se non presenta danos, xa que cando se reciben no almacén colócanse todas as botellas do mesmo gas nunha zona.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**108. Cal é a principal fonte de información subministrada cun produto químico, de interese para o profesional de mantemento?**

- A) A ficha de datos de seguridade.
- B) As indicacións de dispensación do produto.
- C) O folleto comercial.
- D) A folla de datos para o transporte.

**109. Que instrumento utilizaremos para medir o baleiro realizado a un circuío frigorífico?**

- A) Polímetro.
- B) Vacuómetro.
- C) Presóstato.
- D) Anemómetro.

**110. Semanalmente, realízase a comprobación do nivel de auga do radiador do grupo electróxico, antes do seu arranque. Esta intervención trátase dunha operación de mantemento:**

- A) Preventivo.
- B) Correctivo.
- C) Técnico-Legal.
- D) Meiorativo